

SUMARIO

1. EDITORIAL
2. LEMBRANDO AS NOSAS LETRAS
3. O RECUNCHO DE EDUCACIÓN INFANTIL
4. TRABALLANDO NA AULA
 - Estudo de mercado
 - Proxecto DESCUBRE ESPAÑA
 - A vida...puro teatro
 - Un faro de todos
 - Celebramos o Halloween
5. MONOGRÁFICO: O MAR
 - Introducción
 - Poemas
 - Adiviñas
 - Contos
6. UN POUCO DE LITERATURA
 - Poemas
 - Relatos, contos...e demais lerias.
 - Debuxos
7. SAÍMOS E APRENDEMOS
 - A revolución azul
 - Visita ao complexo de Sogama
8. ACTIVIDADES DA ANPA
9. PASATEMPOS
10. ÁLBUM FOTOGRÁFICO(Páxinas centrais)

EDITORIAL

NOVOS TEMPOS... NOVOS RETOS

Son tempos novos. Tempos de cambios... ás veces demasiado acelerados, demasiado esixentes. Tempos de adaptacións e tránsitos. Adaptacións as novas leis que regulan o sistema educativo e que se están a desenvolver nos centros. Adaptacións ás novas esixencias da sociedade da tecnoloxía e da información. Adaptacións aos novos retos educativos transversais, educación en valores de igualdade, educación en pautas de integración...

Tempos novos con vellos problemas. Cos antigos problemas que adoitan resumirse nunha única e vital cuestión: o reto educativo. E cada vez máis, educadores e sociedade, pais e docentes, deben caminar xuntos pois a tarefa, lonxe de facerse máis doada, faise máis complexa e dinámica. É unha obriga que temos, unha obriga que ninguén debe esquecer... pois no remate, aquel que espera ao final do camiño, é o obxecto máis salientable e relevante de todo o proceso... o neno... ios nosos fillos!... Por eles, polas xeracións que están comezando a caminar ben paga a pena os esforzos.

Tempos novos, persoas novas, novos proxectos... Con ilusión chegaron este ano ao centro Diana, Mónica, José Ángel, Maribel Trigo, Cristina, Alba, José Madera, Estela, Jorge e Diego, Ana Moreta, Teresa Montáns, Manuel, Edita, Verónica, Rocío. Eles aportaron a mocidade, os folgos novos, a ilusión dos que comezan... Ogallá sigan a manter esa vitalidade, pois en calquera profesión, e na vida en si mesmo. E tamén este ano, na procura de novos destinos, temos que decir adeus a algúns dos nosos ompañeiros que levan connosco unha morea de anos; Victoria (*¡Good Bye, my dear teacher!*), Rosa Carballada (*¡que che vaia bonito!*), Carmen (*¡segue a iluminar o espazo con ese sorriso!*), Cristina Folgar (*¡vitalidade sempre presentel!*)... E naturalmente tamén a nosa despedida para os «nosos nenos», que se están a facer homes e mulleres; rapaces de 6º que marchan para o Instituto a continuar os seus estudos e para os que sempre queda na lembranza un FOGAR que tentou encher o oco que quedaba no seu espírito. Se nalgún intre tedes algunha «dúbida», sempre haberá alguén por estes escuros e vellos pasillos que tente atopar unha «solución» ou regalar un bo «consello»...

E novos tempos con novos fíos, fíos que xurden en cada proxecto deses nenos e nenas que chegan ao colexio. Chegan a esa «grande mole», fría e grandiosa, tebroza por momentos, ateigada de balbordo, de gargalladas, dalgunha bágoa e de moitos esforzos. Pero chegan a un lugar onde van atopar un proxecto que tenta namorar; o proxecto dunha comunidade educativa que aposta polo traballo conxunto, polos valores humanos, pola dignidade das persoas e pola solidariedade para tentar pintar de cores infinitas a sociedade dos vindeiros anos... Todos xuntos fagamos un enorme, abraiante arco da vella con milleiros de pinceladas, un boceto permanente de anxeios e desexos de mellora... Podemos logralo... ¡Fagámolo!

LEMBRANDO AS NOSAS LETRAS...

Foi un 17 de maio de 1863 cando se publicou *CANTARES GALLEGOS*, obra da autora Rosalía de Castro, e símbolo do rexurdimento cultural da nosa literatura. Un século despois, tres membros da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego, Xesús Ferro Couselo e Manuel Gómez Román, propoñen que se declare o 17 de maio como Día das Letras Galegas.



Hoxe, corenta e cinco anos despois, facemos homenaxe a **XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ**, quen naceu en Tui, o 4 de febrero de 1915. Bo estudante, despois de rematar o Bacharelato, decide facerse mestre.

No ano 1936 é destinado a unha parroquia da súa cidade natal e comeza por libre os seus estudos de Filosofía e Letras, que se ven interrompidos coa chegada da guerra. A resistencia de Tui contra a rebelión militar do 16 de xullo de 1936 saldouse, entre outras cousas, co fusilamento do pai de Xosé María, e co seu traslado forzoso a unha escola da provincia de Zamora, segundo el mesmo di, pola súa condición de galeguista.

En 1946 casa con María Luísa Cáccamo, con quen terá seis fillos.

Dous anos despois funda a librería anticuaria Monterrey e a Editorial do mesmo nome, primeira editora en lingua galega.

O 24 de xullo de 1962 é elixido membro da Real Academia Galega.

En 1967 refunda a editorial Monterrey baixo o nome de "Castrelos". Á fronte de Castrelos publica o primeiro best-seller da literatura galega "O catecismo do labrego" de Valentín Lamas Carvajal. Sería a obra que inaugurou a colección literaria "O moncho" coa lenda de "Libro de pobo para o pobo" que tivo moi boa acollida.

Entre as inquietudes de Xosé María estaba a arqueoloxía, que se plasma en descubrimentos como a serie de lendas sepulcrais da época romana en Vigo, das industrias paleolíticas do Baixo Miño e das Gándaras de Budiño, dos restos dunha

instalación romana de obtención de aceite de diva en Teis (Pontevedra) dunha cisterna con pezas funerarias da época de bronce en Atrios, tamén en Pontevedra.

Completa o perfil deste polifacético galeguista a súa relación cos medios de comunicación. A BBC de Londres, Radio Vigo xunto con cabeceiras de Galicia, Portugal e América convertéronse en altofalantes asiduos das súas ideas, as mesmas que expuxo en numerosas conferencias tanto en España como no estranxeiro.


Segue adicándose ao seu labor de mestre, escritor, editor e investigador, ata que falece o 2 de marzo de 1985, dunha afección cardíaca.

O Álvarez escritor

Finalista do premio Nadal de novela en 1944, premio "Historia" dos Xogos Florais de Vigo, premio de poesía do CEBA en 1954, premio de novela Pérez Galdós en 1955, premio de novela "López Cuevillas"... son algúns dos múltiples recoñecementos que Xosé María Álvarez Blázquez recibiu pola súa prolífica obra literaria que arrincou en Pontevedra en 1932 co poemario Abril. Despois chegarían obras como Poesía do teu mencer ou Romance dos pescados peleriño. Poemarios que reivincaban un espazo popular e de ampla difusión que el tanto buscou para a lírica galega, e que resolveu con tanto acerto que ata compositores como Rogelio Groba lle puxeron música ás súas letras. Pero non foi o único xénero que cultivou. Como autor teatral escribiu O zapato do cristal, que foi escenificado en Vigo o 2 de xaneiro de 1947, ou Os pazos altivos, unha comedia en tres actos en verso que foi estreada en Xixón o 11 de xuño de 1947. Como novelista deixounos títulos significativos, como por exemplo, Os ruíns, Una cabaña en el cielo ou A pega rabilonga e outras historias de tesouros.

O RECUNCHO DE ED. INFANTIL

Somos os pequerrechos do colexio Fogar.



•

Como o ano pasado, o Samaín voltou aÚ patio de Ed. Infantil. Fixemos unha exposiciÚn de cabzas e de debuxos que colocamos polas paredes.



Os profes tamÈn colaboraron e fixeron estas cabzas



Poucos días despois chegou o Magosto e co zume e as castaÙas prepar·monos para o inverno



Fixemos con moita ilusión as nosas cartas para entregarllelas aos Reis Magos que viñeron recollelas ao cole.



Este curso o Entroido chegou axiña, aínda non rematamos de comer turrón e xa estabamos coas filloas e as orellas. Coma no curso pasado apareceu o Mandado que nos deixou con estas pintas...

Aínda que este ano non foi moi frío, a neve chegou en forma de bonecos



E comezou o tempo de viaxar e visitar sitios novos cos nosos compaÑeiros e compaÑeiras...

Os de 4 e 5 anos fomos ao concerto didáctico no Palacio da "pera da Coruña, a ver a obra O Calceñín Amarelo.



Os de 4 anos fomos · fabrica de patacas Bonilla



Os de 5 anos fomos ao teatro, ao Forum Metropolitan na Coruña e Casa dos Peixes



O Día da árbore plantamos no xardín do cole unhas árbores que se chaman buxos.

Pero aínda nos queda a excursión de Fin de Curso na que iremos todos xuntos a pasar unha xornada en contacto coa natureza na granxa de Marcelle en Lugo.

Seguro que o pasaremos pipa!

TRABALLANDO NA AULA

SE PAGAS MÍISÖ... PORQUE QUERES?

En numerosas ocasións a calidade inflúe no prezo do produto, pero noutras o que se paga é que a marca teña publicidade.

Nalgúns casos marcas coñecidas envasan produtos para vendelos como "etiquetas brancas" co fin de abaratar os prezos; m-ís, de igual calidade?

A nosa titora, dona Victoria, propónnos o seguinte exercicio de investigación para averiguar se o aforro na compra de produtos brancos compensa, ou ben os produtos publicitados son de maior calidade. Así que co lapis, papel e nai en man fomos polos centros comerciais e supermercados carballese investigar...

Tiñamos unha cesta da compra de referencia con quince produtos básicos:

- Aceite de oliva suave 1 lt.
- Deterxente lavadora 36 cacitos
- Lavavaixelas 1 lt.
- Champú 250 ml
- Papel hixiénico de 6 rolos
- Tableta de chocolate con leite de 150 gr.
- Lata de atún en aceite de oliva 120 ml.
- Botella de 2 l. refresco de cola
- Brick de leite enteiro de 1 lt.
- 1 kg de arroz
- 1 kg de macarróns
- 1 kg. de cacao en pó
- 1 pack de 4 iogures naturais
- 1 lt. de fregachans
- 1 paquete grande de patacas fritidas



Conclusións:

- - Unha vez realizada a comparación de prezos, atopamos unha media de 15,24% de aforro a favor dos produtos de marca branca.
- Os produtos de marca m-ís caros con respecto aos de etiqueta branca son: o aceite de oliva e o deterxente da lavadora.
- Unha vez feito o "traballo de campo", recolleamos as opinións dalgúns adultos coñecidos, concluíndo que:
 - o Toda publicidade encarece o prezo dun produto.
 - o Os m-ís dos produtos brancos sen elaborar como arroz, lentellas, pasta ou sal son de calidade similar aos anunciados.
 - o Os produtos elaborados como aceite ou droguería en xeral son de calidade superior que os de marca branca.
 - o Toda compra se basea no gusto e preferencia dos consumidores.
 - o Hai un aforro substancial nos produtos brancos.

Así que: SE PAGAS MÍISÖ ... PORQUE QUERES E PODES.

Os autores deste estudio: Antonio Casalucci, Noelia Costa, Nuria Carrillo, Andrea Fernández, Sandra Muñoz, Adriana Sanjurjo, Raquel Rama e Leticia Varela de 6 D

PROXECTO DESCUBRE ESPAÑA

Os rapaces de terceiro ciclo, orientados polos seus titores, decidimos facer un proxecto para coñecer mellor o noso país.

O primeiro paso foi acadar información sobre:

- O relevo: cabos, golfos, mesetas, depresións, picos, cordilleiras e serras.
- A hidrografía: océanos, mares, ríos e os seus afluentes máis importantes.
- O clima e a vexetación na península.
- A economía en España: gandería, agricultura, pesca, industria e turismo.
- Comunidades autónomas coas súas respectivas provincias, bandeiras e capitais.
- Monumentos máis emblemáticos.
- Festas e gastronomía.

Como resultado fixéronse uns 30 mapas. Os nenos agrupáronse entre dous e catro membros por equipo, recabaron información e explicaron o seu mapa ao resto da clase. Agora están a buscar datos sobre persoas famosas do noso país como: os Reis Católicos, Cristóbal Colón, Carlos III, Isaac Peral, Ramón y Cajal, Severo Ochoa, Cervantes, Juan Ramón Jiménez, Rosalía de Castro, Picasso, Dalí, Miró ou Velázquez. Tamén estamos a facer unha liña cronolóxica



6 D



Murais de 5JC

TEATRO 2008: A VIDA Ò PURO TEATRO



Antonio e Javier colaborando



Por segundo ano consecutivo os nenos de sexto curso e un grupiño de nenos voltamos a facer teatro. A obra deste ano leva por título: '...rase unha vez' temática É a vida de todos e cada un de nós. Mais, que É a vida? Pois, o amor, a morte, a paz e a guerra, a luz e a sombra, os que se van, os que quedan e os que van vir. A nosa vida comeza co ciclo da auga a quen lle adicamos a nosa primeira escea e damos unha volta polos sentimentos m-ís com'ns a tódalas persoas. Así, a segunda escea conta cunhas estupendas maruxas; a terceira escea acontece nunha casa calquera na que 'discute' un matrimonio ao fin ben levado. A cuarta É unha homenaxe ao mundo da emigración e a quinta un conto no que percorremos as distintas etapas da vida dende o ventre da nai ata a vellez. Tamén damos unha volta polas estrelas e por un mundo en guerra no que desexamos estoupe a paz. En definitiva: a vida feita teatro.

Os oito murais que forman parte do escaerío fixémoslos todos os rapaces de sexto curso coa axuda das titoras. Participamos un total de noventa e cinco nenos como actores e cinco m-ís como tramoístas. Levamos a ensaiar tódolos recreos dende outubro e o vinte de abril alg'ns de nós actuaremos no Pazo da Cultura do Concello de Carballo cunha escea titulada 'O Atlántico e Rosalía'. Esperamos que todos os que asistades ·s representacións disfrutedes co mesmo agarimo co que nós as preparamos.



Compañeiros ensaiando

PATRIMONIO DE TODOS

Recentemente, a nosa 'torre de Hèrcules^a, foi elexida entre varias candidaturas espaÒolas coma a proposta oficial do noso país ao nomeamento de Patrimonio da Humanidade por parte da UNESCO.

Precisamente neste curso, os alumnos de 5 estudiamos na Historia de España e Galicia a grande pegada que a cultura romana deixou na nosa terra, e entre os moitos e salientables restos que existían estaba a Torre de Hèrcules. Por iso, e porque consideramos que a Torre È algo noso, e algo que queremos compartir co resto do mundo por tanta antigüidade e tanta fermosura, , xunto co noso 'profe^a de coÒecemento anim-monos a facer este pequeno estudio do faro coruÈes e apoiar así a campaña a prol do nomeamento da Torre como patrimonio da Humanidade.



HISTORIA DA TORRE

A Torre de Hèrcules È o faro romano en uso m-is antigo. Cara ao sÈculo II, xurde a necesidade de crear un grande faro, en tempos do emperador Traxano, sendo o arquitecto lusitano Caio Servio Lupo a quen se lle atrib' e o seu erguemento (de feito hai unha inscripciÙn na torre que así l' amosa). Desde aquel intre a Torre permanecer· en pÈ, pasando por moi diversas fases, incluso polo seu abandono, o seu expolio (empreg·ndose as s'as pedras para outras construcciÙns) ou mudando a s'a funciÙn, para se converter en fortaleza militar. No sÈculo XVIII, con Carlos III, enc·rgase a s'a reconstrucciÙn ao arquitecto Eustaquio Giannini, iniciando os traballos que lle van dar o aspecto actual e rematando a s'a reforma en 1.791. A finais do sÈculo XX tamÈn comeza a excavaciÙn dos seus alicerces, atopando multitude de restos romanos e medievais que conforman un fermoso museo arqueolÙxico que serve de entrada ao faro.

UN FARO DE LENDA

Son moitas as lendas que falan da grandeza e do pasado da Torre. A m-is sonada È a loita entre os xigantes Hèrcules e XeriÙn, que se resume na loita que enfrenta a Hèrcules contra dun tirano de nome XeriÙn que tiÒa asoballada a poboaciÙn da zona. Tras moitos d'as de loita, Hèrcules consegue vencer a XeriÙn, e en honra a aquel grande combate ordear erguer unha grande torre sobre os restos do vencido(de ah' os s'mbolos da cidade de Hèrcules).

Outra lenda fala do grandioso espello que o rei Hispan mandara construír sobre a torre e que permit'la ver calquera punto do horizonte do mar. Naturalmente calquera inimigo que se achegaba era descuberto e vencido. Para evitar isto, un pobo mandou construír unhas naves e enchelas de ·rbores e vexetaciÙn a xeito de illas, que paseniÒamente se l'an achegando · torre, pensando os vixiantes que eran rochas que o mar tra'la coas ondas.

Outra lenda fala de Breog·n, dono da torre e do seu fillo, o soÒador Ith, quen todos os d'as sub'la ata a torre para ser quen de descubrir no mar un para'iso soÒado. E un d'ia foi quen de albiscar a illa de Irlanda, marchando na s'a procura pese aos consellos contrarios dos seus amigos e da s'a familia. Ith chega a Irlanda e al' vai ser asasinado, chimpando ao mar o seu cad·ver enriba dun barco. O barco milagrosamente regresa ata Brigantia, o lugar da Torre, e al' È recollido polos seus quen acordan ir en vinganza do seu amigo e irm·n, produciéndose a invasiÙn de Irlanda, a illa verde de Breog·n.

TamÈn relacionada coa Torre aparece a lenda de Crunia, a primeira muller que contan pos'la este nome e que foi a primeira persoa que chegou ata este territorio ermo ao ordear Hèrcules que a xente regresara a esta terra que fora arrasada por XeriÙn. E como esa primeira muller cham·base Crunia, de ah' provÈn o nome de A CoruÈa.

NA PROCURA DUN TÒTULO

Un lugar declarado Patrimonio da Humanidade È un sitio (sexa bosque, edificio, cidade, montaÒa, etc..) que pola s'a historia e valor merece unha consideraciÙn especial e os organismos internacionais (UNESCO) acordan protexelo coma un tesouro para herdar para as futuras xeraciÙns.

As sonadas pir·mides de Egipto, a increíble perfecciÙn de Venecia, o templo Borobodur de Indonesia, son alg'ns dos moitos exemplos de lugares protexidos. En España, as covas de Altamira, a catedral de Burgos, o arte rupestre mediterr·neo, o camiÒo xacobeo, o Parque de DoÒana ou as Medulas son alg'ns deses exemplos. En Galicia, a catedral de Santiago e a muralla de Lugo xa teÒen ese t'itulo.

O faro de Hèrcules ben merece tamÈn esa consideraciÙn.

Alumnos de 5 B.

HALLOWEEN

O día 31 de outubro, un día calquera? Ou non? Pois resultou que non: É o día de Halloween, en Galicia coñecido como o Samaín. En que consiste? Consiste en festexar as colleitas de outono, a vendima e os magostos antes de entrar na escuridade do inverno. Na tradición popular dise que esa noite saen os espíritos dos defuntos dar unha volta pola vila adiante, asustando aos mortais e ligando con outros espíritos; o normal, o de todos os días de Halloween.

A nosa particular festa de Halloween consistiu en decorar a clase con: cabazas, morcegos, arañas xigantescas, fantasmas. E na porta puxemos unha cortina moura para entrar na nosa cova do terror. O día sinalado disfrazámonos de persoeiros como meigas, pantasmas, vampiros, esqueletes, lobisomes e ata tivemos un Freddy Crugger. A nosa titora, dona Victoria disfrazouse de meiga maior. Na festa case todos íamos disfrazados, aínda que algúns non o precisaban.

Despois de chegar a clase, sentámonos no chan ao redor dunha xigantesca cabaza que fixeran para nós Carlota e os seus pais, e metémoslle unha vela prendida; logo baixamos as persianas e apagamos as luces. Comezamos ler unha serie de relatos: Carlota e Corral lerónnos uns que fixeran especialmente para a ocasión e que

nos arrepiaron. A profe leunos 'O monte das Ánimas' (unha lenda de Bécquer) e varios contos do libro de Roald Dahl titulado 'Contos en verso para nenos perversos', unha auténtica ledicia que vos recomendamos.

Por último, fixemos unha pócima mágica cos seguintes ingredientes:

- 3 vasos de zume de laranxa
- 1 puñado de pantasmas enanos
- 1 chorro de fume de l'achea
- 1 vaso de sangue de meiga
- Pes de esqueletes
- Dentes de vampiro

Instrucións: Botar os ingredientes nunha perola, mezclalos, batilos moi ben (É imprescindible dicir as verbas mágicas: 'Abracadabra, abracadee, and a teacher for you and me.' Como vedes, o conxuro tédelo que dicir en inglés, por ser o día de Halloween. Finalmente, disfrutade da pócima cos vossos amigos e brindade ao berro de *Cheers!!*

Rematado o día fúmonos igual que vimos: feitos uns monstruos!!

Iván Amil
Noelia Costa
Adrián Corral
Carlota Cabezas
Sergio Capelán
Cristian Mallo
Adriana Sanjurjo



©Criaturas 6 D

Monográfico: O MAR

INTRODUCCIÓN

O pasado domingo 20 de abril, o público abarrotaba o Auditorio do Pazo da Cultura. Inaugurábase a Semana do Libro e da Lectura, que este ano estivo adicada ao mar.

Primeiro foi o grupo musical STRANNIKI quen nos guiou nunca viaxe musical marabillosa, para despois desfrutar da posta en escena da obra musical O ATLÁNTICO E ROSALÍA, interpretada por nenos e nenas do noso colexio, que dirixidos pola profesora Victoria Diéguez, foron quen de arricar sentimentos de emoción a grandes e pequenos.

Velaí vai a presentación do acto, lida por Sara Lantes:

Atlántico, océano amigo:
fantasía, traballo e traxedia.
Océano de luces e sombras,
de vida e de morte,
de encontros e desencontros.
E, ante todo, mar de esperanza,
ponte entre dous mundos.

Onte fomos nós os que emigramos ás Américas; hoxe son os de alén do mar os que se achegan ás nosas costas. E, no medio, ti, Rosalía.

Con esta representación queremos homenaxear á nosa muller internacional poetisa e a todos aqueles emigrantes aos que ela adicou gran parte dos seus versos. Vai por esa xente, que se ve forzada a abandonar a terra, a aos seus seres queridos, para acadar un futuro mellor; e que levan coma compañeira de viaxe a MORRIÑA. Morriña, sentimento que fire, provoca angustia e que ao mesmo tempo, se converte nunha negra sombra que sempre acompaña, mais sempre asombra.

UNHA



ETERNIDADE

Estou contemplando o anoitecer frente ao mar
percebo o ruir das das que me fai relaxar
podría pasarme aquí toda unha eternidade
aínda que non acompañada da soledade...

Patricio Ferraz
3º D



Os mares ¡que bonitos!,
sempre cheos de alegría
pero cando están picados,
non cantan
como a min me gustaría.
Aos mares non te adentres,
non sabes o que podes atopar,
raíres que morden
polvos mariños
e medusas que te poden arrolar

José Varela 3º D

A SERECA DE ARECA

Fu vin na praia
una sereca.
Era de areca

Tiña o pelo
de algas.
Os ollos de rocha

Uns labios
de corac,
o nariz de perla

Lerouna
o mar
L dixenlle
non te obidarei
sereca de areca.

Helena Garcia Viu - 4ºA

ADIVINA




Azul como o ceo.

Salgado como a sal.

Tam grande no Universo.

Xa sabes quem será?



2000 0

Juan José Antuña 3º D

É mamífero

vive no mar

tem a boca moi grande

para deborar.

2000 0

Daniel Emaris 3º D



En mún moven os ríos,
e por mún os barcos van,
teño un nome moi curto,
tres letras vive unha mais...



Sofía Antelo Morales 3º D

O BARQUEIRO SOÑADOR



Erase unha vez un home que quería navegar coma os barcos pero como era home non podía facelo, só o conseguía nos seus soños.

Todos os días ia ao porto a pasear polo peirao a ver os barcos.

Entón unha noite empezou a soñar e soñou que comprara un barco para navegar con él.

Un día navegando polo inmenso mar chegou ata unha illa onde había un Castelo, entrou nel e no alto había un mago, pero este era moi caprichoso e só lle ia a conceder un desexo. El díxolle que quería ser barco para poder navegar por todos os mares e océanos.

O mago concedeulle ese desexo, entón empezaron a saírlle velas e el pensou, como podería ir ata o mar.

Pero o mago, como tiña poderes levouno ata o mar. Díxolle que xa podía navegar. Empezou a navegar a toda vela, como ía moito vento e había moitas ondas, navegou moito por todo o mundo ata que espertou e decatouse de que todo fora un soño, pero un soño feliz.

O HOME BARCO

Era unha vez un home que lle gustaba pasear pola praia. Unha noite, paseando polo porto viu unha estrela fugaz e desexou navegar polos sete mares. Ao día seguinte cando volveu á praia, empezáronlle a saír unhas velas. Foi ao porto, tirouse á auga e navegou por todo o océano, coñecendo moitas cidades e pobos.

Despois de navegar durante moitos anos, caeu unha treboada e rompéronse as súas velas. Naufragou e recollérono uns mariñeiros. Dende entón pasea polo porto, botando de menos navegar polo ancho mar.

Pero un día decidiu volver navegar polos mares; entón foi á tenda, comprou táboas de madeira, coseu as velas, puxo o traxe e comezou a navegar. Pero non lle funcionou, afundiuse porque o seu traxe era moi pesado. Daquela fixo un traxe con madeira máis lixeira e funcionou, pero... xa non facía vento.

Daquela comprou un motor, púxollo e saiu buscar novos lugares, quería coñecer todos os mares. E así o fixo. Cada ano volvía a súa casa a contar as súas aventuras.

XURXO REY GARCÍA. 3ºB

AS TRES BAÑISTAS

Eran tres chicas moi hermosas e presumidas, que vivían nun pobo mariñeiro, e ás que lles gustaba moito saír de paseo para lucirse diante de todo o pobo.

Saían sempre á mesma hora, ían ao mediodía dar o seu paseo polo peirao, e logo baixaban ata a praia a darse un chapuzón e poñerse morenas para presumir ante os seus veciós.

Pero un día de moita calor, metéronse na auga, pero empezáronlle a saír aletas. Miraban unhas para as outras e non comprendían o que lles pasaba. Entón, como eran tan garbosas, non querían que as vise ninguén, nin que souberan que eran sereas, e decidiron nadar. Nadaron e nadaron, até que aló ao lonxe, atopáronse cunha illa na que nunca estiveran.

Saíron da auga e puxéronse ao sol. Ao cabo dun tempo, xa secaran e voltaron a ser humanas. Daquela pensaron: se entramos na auga seremos sereas, e se estamos secas humanas. Pois agora xa sabemos o que temos que facer. A partires de hoxe levaremos unha dobre vida.

Ao día seguinte seguiron co seu paseo, e coas súas diversións. Pola noite ían á praia bañarse, pois desde entón necesitaban da auga.

As tres bañistas levaban dobre vida, e ninguén soubo nunca do seu segredo.

PATRICIA OTERO MARIÑO E JENNIFER PACHECO LÓPEZ. 3ºB

UN POUCO DE LITERATURA

AS FLORES DO CAMPO

Un día de primavera as flores do campo estaban moi tranquilas ata que no campo empezaron a saír herbas malas.

E así foron pasando os días, ata que un día moi chuvioso pasou por alí unha fada das flores chamada Helia que ía buscando refuxio nas flores.. Cando pasou por alí, non viu ningunha flor. Oiu un ruído e foi ata onde proviña. Eran as flores falando entre elas. Pedíulle a unha flor se lle podía dar refuxio. A flor, que era a máis fermosa do campo, díxolle que si.

Ao día seguinte Helia ergueuse e viu que as herbas medraran un pouco máis. Como non podía deixar que iso seguise así, fixo un conxuro e as herbas desapareceron de súpeto.

Desde ese día Helia quedouse a vivir alí, e cada vez que xurdía algún problema Helia o solucionaba.

As árbores todas
Alegres están
Porque as coidamos
Co brillo luar.

As follas das árbores
Van brilar
Porque as coidades
Co brillo solar.

As flores do campo
Alegres están
Porque ti as coidas
Co brillo estelar.

Adriana Vilariño Amado 4 B

Pupi

Pupi é a nosa mascota. Veu nunha nave doutro planeta para aprender de nós. É azul, ten dúas antenas na cabeza que xiran cando non entende o que lle dicimos ou está desconcertado. O seu ombligo cambia de cor cando está morriñento, asustado, contento ou enfadado. É moi gracioso porque ás veces confunde as cousas e non fala ben. Querémolo moito.

Clase de 1.º E

Escritura: Daniel Otero Suárez

Deluxo: Antón Vila



Título: Rosalía Vilariño

AS SEÑORITAS ANTIGAS

Era unha vez unha aldea moi remota, que estaba moi, moi lonxe das outras, na que vivían moi felices tódolos veciños.

Un día chegaron dúas señoritas que non se sabía de onde viñan. Elas poseían moitos cartos e a xente da aldea non os tiña. Pescar e traballar as terras eran as súas únicas diversións.

Vestían todos iguais, con roupa escura e triste. Estas señoritas non se parecían en nada a aquelas mulleres daquela aldea chamada Vilaalegre. Acudían sempre o seu paseo pola praia, con moito garbo, longos vestidos, grandes sombreiros adornados con flores, tremendos paraugas para que o sol non lle estragase a súa pel.

Un día non se percataron de que viña unha onda moi grande que as arrastrou e mollounas todas. Os veciños que as viron, compadecéronse delas, aínda que estas señoritas non falaban con ningún. Aquela onda grande, ademais de estropearlle os seus fermosos vestidos, levoulles todo o seu diñeiro. Sempre o levaban con elas para que ningún llo roubara. Eran moi desconfiadas.

Aqueles veciños axudáronlle a escapar de onda, impedindo que as tragase o mar. A partir daquel día, elas cambiaron. Deixaron de mirar á xente por enriba do hombro. Fixéronse amigas de todos os de Vilaalegre.

O OGRU DA FRAGA DO EUME



SOFIA VILA CARRECEDO

4º A

LAURA EMPEZOULLE A FALAR.



LAURA MAIS XIGANTÓN FIXERONXE MOI AMIGOS.



LAURA VOLVIU PARA A CASA.



LAURA O SEGUINTE DIA FOI ONDE XIGANTÓN.



CANDO LAURA MARCHOU VIÑERON UNS CAZADORES.




OS CAZADORES MATÁRONO. LAURA CANDO O VIU EMPEZO A CHORAR.




A RATIÑA E O PRÍNCIPE

Nunha terra fermosa, con casas, ríos e un camiño de terra vivía unha ratiña coa súa nai. Un día a ratiña caeu ao río e por alí pasaba un príncipe. A súa nai que ía con ela axudoulle ao príncipe a salvara. Invitou ao príncipe a tomar un café e tamén aos seus amigos. Ruxéronse moito. Ao final cando os amigos marcharon o príncipe regaloulle un reloxo. O día seguinte foi visitar aos seus veciños chamou ao timbre, abríronlle a porta e viu ao príncipe coa súa nai.



UNHA FESTA DE DISERACES



Ainara Verdes
1º Ciclo 2º C

As Gaiivotas Galegas

Había unha vez, no ceo galego
unhas gaiivotas...



As 2 Gaiivotas subíronse subíron, ata
que ao final...



E a gaiivota caeu...



...E caeu nun campo de palla



Mentras tanto, a outra gaiivota



Mentras tanto, a outra gaiivota



Então chamou a água.



A água buscou por todo o mundo até que a encontrou



FIUS
Pablo Lorenzo Carracedo
4ª A

UNHA DE MASCOTAS

A miña mascota é o meu aspirador.

A miña nai non desexaba ter unha mascota como por exemplo un can; polo tanto pensei en gastarlle unha pequena broma: a miña nova mascota durante un tempo sería o noso aspirador.

Así que comecei a pasear a nova mascota pola casa adiante. A rota ía ser: a sala, o cuarto da miña nai, o do meu irmán, o meu, a cociña e o baño.

Para darlle de comer enchufaba e aspiraba as alfombras de toda a casa. Menuda sorte tiña a miña nai! ¡ hora de durmir metíaa nunha cestiña que lle mercara na tenda dos animais, desenchufaba e...

doce sonos!

A miña nai pensou que toleara e para non me traumatizar aínda máis, mercoume un can. A raza é 'shar pei'. Agora aspira ela...
POR LISTA!

Andrea Fuentes Rojo - 6 D



UN RATO NA CLASE

O pasado 12 de setembro do presente curso un rato apareceu nun aula da escola Fogar. Metíase por un pequeno burato. Ao principio cundíu o pélico. O director e o conserxe atoparon máis ratos, un deles xa morto. Unha vez capturados, decidiuse que os animais serían repartidos polas aulas de sexto nivel para ser mascotas e proceder ao seu estudo. O defunto descansa na sala de ciencias en espera dunha autopsia...

Noelia Costa Ferreiro - 6 D



REGALÁRONME UN GATO

Un día inesperado, dun mes xa pasado, os meus tíos regaláronme un fermoso gato. Púxéronlle de nome 'Copito', porque ten unha pelaxe de cor branco gris-ceo coma os copos de neve. ... moi cariñoso pero como vexa chourizos por algunha parte, asegúroche que en menos de tres minutos lévaoos todos á boca.

Gústame moito xogar con él, sobre todo cun anaco de fió. Copito é moi axil, atrapao de contado. Tamén fai o mesmo cos ratos, é rapidísimo! e, como se lle poida un diante... que vaia esquecendo voltar á vida. Pero o que máis me gusta do seu modo de caza, e que el arríscase a capturalo e despois xoga co rato; non vai permitir que se ría de Copito. Faime rir moito: primeiro caza, déixao escapar e cando se distancia demasiado, estira a pata, atrapao coas súas enormes uñas e... Óam, Óam!

Os ratos gústalle moito como aperitivo, pero tamén os cereais que veñen embolsados. » un entusiasta da comida!

Eu creo que coller como mascota a Copito foi unha das mellores ideas. Pero cada un ten a súa propia opinión. Ao mellor, a outra persoa parecerlalle un gato moi triste, mais a min non. Porque por moito que os gatos sexan tristes, se tes un pouco de paciencia con eles e lles ensinas como teñen que facer as cousas, seguro que te obedecerán.

Raquel Rama Lúpez 6 D



NEGRANEVES E OS SETE XIGANTI—OS

...rase unha vez una rapaza chamada Negraneves que facía canto lle viña en gana. A súa pobre madrastra estaba farta dela, e que xa non podía máis. Un día fuxiu da casa e foise vivir ao bosque cos seus amigos os sete xigantíños. O problema era que ela era moi, pero que moi mandona e explotadora. Xa dábondo tiñan os coitadínos con traballar na mina e agora tiñan que lle facer xoias e ter ben aseada a casa, cal maiordomo limpador, deses que saen pola tele. Sorte que apareceu por alí un príncipe tontolaba, que se pirrou por Negraneves, casaron e foron tan felices.

Adriana Balsas Areosa 6 D



COMO SUSPENDA...

Como suspenda meus pais dèixanme sen o chihuahua que me prometeron. Non sño por iso estou preocupada, tamén polos informes que van para o instituto. Neste caso si que a miña nai vai ter que coller a zapatilla. ... o meu fin! Por que todo ten que ser tan complicado? Xa sei...! Cando veñan as notas vou marchar da casa, fura de Galicia; para Aragón ou noutro sitio. Non sei... Pero, se viñesen aprobadas, outro galo cantaríaa...

Adriana Balsas Areosa 6 D



TODO SOBRE A MI—A AVOA

A miña avoa é do máis normala. ... a típica avoa que todos temos. Si!, É esa avoa que lle gusta xogar ao póker, practicar surf, rafting, puenting, paracaidismo, snowboard e pesca submarina. A que vai á discoteca e ao pub cada domingo. A que lle encanta o botellón e todas esas cousas que lles chiflan ás avoas, que dislocan ás avoas, coma o rock, o rap, Michael Jackson e pasar toda a noite cantando a canción 'We will rock you'.

Diego Bolón Rodríguez - 6 D



SE ME CLONASEN...

Un día vin na televisión unha película de terror, na que uns clóns que un científico lle fixera ao malvado aterrorizaban a todo canto se lle puña por diante e púxenme a pensar: se me clonasen...

Se me clonasen gustaríame que fixesen de min tres clóns: un para que fose á escola e me fixese os deberes e os exames; outro para que ordease o meu cuarto e limpase a casa e o último, de reposto (xa se sabe como é a ciencia experimental) e, de ser posible, un cuarto clón para aturar aos meus pais cando están enfadados ou me castiguen.

Deste xeito a miña vida sería perfecta. Sño faría o que me viñese en gana: poderíame pasar as mañás xogando, mercando, durmindo...en resumo, unha vida ideal.

Aínda que poida que os meus clóns se rebelasen... dame arrepiño sño de pensalo!

Adriana Porteiro Sanjurjo - 6 D



SAÍMOS

E APRENDEMOS...

Revolución Azul



O mércores 26 de marzo os nenos de 1º C xunto cos de 1º B fixemos unha saída a Buño para ver "A revolución Azul", unha exposición da auga.

Ali aprendimos que hai algunha que é potable e outra está contaminada.

Vimos moitas cousas: unhas fotos que había no chan, carteis polas paredes e un pozo.

Explicáronos que en África non teñen auga nas casas e andan moito para buscalos en caldeiros.

Nós tivemos que facer, como se fosemos rapaces de África. Levamos unha botella de auga vacía da casa, enchémola e fixemos un recorrido. Non se nos podía caer nin unha gota. O máis difícil foi saltar coa botella nunha cama elástica. Ao rematar devolvíamola a auga




de onde a colléramos para que outros rapaces a aproveitaran.

Todos aprendimos que non se pode gastar moita auga porque pode acabarse.

Num cartel un neno bebía as súas lágoas porque non tiña auga.

Parámosto moi ben e aprendimos moito.



Clase de 1º C

Escritura: María Gálvez Marque

Debuxos: María Gálvez y Rosalía

Título: Nba.

Unha viaxe a SOGAMA

Os nenos de 3º fixemos no mes de Marzo unha viaxe moi interesante a Sogama.

Sogama é unha empresa de clasificación dos contedores verdes e amarelos de gran parte de Galicia, por exemplo A Coruña.

Había unha gran rampa e unha das instalacións era unha cinta longa con toneladas de varredura e unhas mulleres quitaban a varredura que non podían entrar, como a roupa (esa roupa ía a Cáritas).

Tamén había camiións e trens cargados con toneladas de residuos, que a deixaban tirada nunha especie de pozo. Cunhas grandes pinzas collían a varredura e levábanas á planta de clasificación, onde a clasificaban. ¡Alí había moito pó! Alí ensináronos a clasificar os residuos nos contedores:


Con o color amarelo Debo meter envases e botellas de plástico etc. Non debo meter xoguetes nin cepillos de dentes.

Figliú verde: Debo meter bote e botellas de vidro. Non debo meter as tapas e as cortizas das botellas,

nin pantallas de televisión nin
de ordenador.

Contedor azul: Debo meter
xornais, revistas, caixas de car-
toñ, etc. Non debo meter cartóns
de leite nin de zume.

COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL
DE CERCEDA



Silvia Santos
3º A

ACTIVIDADES DA ANPA



Un ano mais remata o curso e dende a asociaci n de nais e pais 'Pedras Brancas^a queremos desexarvos a todos unhas boas e merecidas vacaci ns de ver n.

A trav s deste espazo que o colexio nos cede na s a revista, gustar anos informar a todos os pais dos traballos que se fan, dende a asociaci n durante todo o curso escolar.

En primeiro lugar temos que dicir que durante o ano 2007 pux ronse en marcha d'as novas asociaci ns, unha asociaci n deportiva 'Deportiva Pedras Brancas^a e unha asociaci n cultural 'Cultural Pedras Brancas^a, das que sen ningunha excepci n, son socios todos os alumnos do colexio. Con estas novas asociaci ns o que se pretende   poder ofertar un n mero de actividades maior.

As actividades extraescolares de pago que a ANPA ofertou durante este curso que xa remata foron as seguintes:

- Inform tica para nenos e adultos
- Patinaxe
- Ximnasia r tmica
- Baile de sal n
- Pintura
- Debuxo

Por outra banda, houbo actividades deportivas grat itas en colaboraci n co Padroado Deportivo Municipal e a asociaci n deportiva Balonman Xiria.

A todos os que colaboramos para que esta asociaci n se mante a en pe, nos gustar a contar con m is colaboraci n por parte dos pais e poder ofertar moitas m is cousas para que os nosos fillos puideran contar cunha variedade moito m is ampla e ao mesmo tempo que este colexio, no que estudian aproximadamente 750 nenos puidese ser un referente en todo o concello,

tanto na parte que corresponde á oferta educativa como nas actividades que se levan a cabo.


Xa para rematar, aproveitamos para facer un chamamento aos pais para que se impliquen máis na educación dos seus fillos, xa que son o referente do futuro. Dende a ANPA 'Pedras Brancas' tratamos de facelo o mellor posible ano tras ano, a pesar de que



somos un número moi pequeno de socios en relación ao número de alumnos cos que conta o centro. Na Xunta Directiva somos un grupo pequeno de pais que traballamos para todos os alumnos do centro, independentemente de que sexan ou non sexan socios.

A pesar de que cada día resulta máis complicado conciliar a vida laboral coa familiar, nos gustaría que, a través deste recuncho, os pais se parasen a reflexionar que os fillos son unha responsabilidade, necesitan que se lles preste atención para poder comprender os seus problemas e as súas inquedanzas. ... moi triste pensar que canto máis avanza a sociedade máis materialistas nos volvemos todos,

xa que nos preocupamos máis de que o colexio ao que imos enviar aos nosos fillos aporte solucións aos problemas de horario (Programa Concilia, comedor escolar, actividades que poidan quedar despois do cole, etc) que realmente de cousas importantísimas como a calidade do ensino, que os nosos fillos aprendan nun bo colexio e cun bo profesorado. E para rematar xa recordarvos a todos que somos os principais educadores dos nosos fillos e de todos nós depende o seu futuro.




De parte de todo o equipo directivo que formamos esta asociación de nais e pais,

GRAZAS

PASATEMPOS

ENCrucILLADO



1. Este pobo é...
2. Flor moi bonita.
3. Animal mariño da familia dos golfinos.
4. Ten 4 rodas.

Roi Reyes 2º B

ADIVIÑA

Verde por dentro, castaño por fóra,
ten algúns pelos e
sabe que dá gloria. Que é?


Nuria Tuset 2º B

OS SETE ERROS



ANAÍS GESTO FUENTES 2º B




0 COLE



1. Usámola para contar.
2. Con ela pegamos.
3. Nela levamos os libros.
4. Utilizámolo para picar..
5. Necesitámolo para escribir.

Lidia Torba
1º CICLO-2º C

Descubre que flores hai nesta floristería.



MARÍA BELEN
TRIGO TECHERA
6º B



GALERÍA FOTOGRAFICA

